



Fichas divulgativas pagamentos directos

FICHA 2e / DP

Asignación inicial dereitos pagamento básico

NORMATIVA

- **Regulamento (CE) 1307/2013** polo que se establecen normas aplicables aos **pagamentos directos** aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común.
- **Real decreto 1076/2014** sobre **asignación de dereitos** de réxime de pagamento básico da política agrícola común (capítulo II, art. 10 ao 22).
- **Real decreto 1075/2014** sobre a aplicación a partir de 2015 dos **pagamentos directos** á agricultura e á gandería e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.

DEFINIÇÕES RELACIONADAS

Agricultor: toda persoa física ou xurídica cuxa explotación estea situada en España e que exerza unha actividade agraria.

Explotación: todas as unidades de produción utilizadas por un/unha agricultor/a e situadas no territorio de España.

Actividade agraria:

- A produción, a cría ou o cultivo de produtos agrarios, con inclusión da colleita, da muxidura, da cría de animais e do mantemento de animais para efectos agrícolas.
- O mantemento dunha superficie agraria nun estado adecuado para pasto ou cultivo sen ningunha acción preparatoria que vaia máis alá dos métodos e da maquinaria agrícola habituais.

Autoridade competente: o órgano competente da comunidade autónoma a que debe dirixirse a solicitude única. Esa comunidade autónoma será aquela en que radique a explotación ou a maior parte da súa superficie agraria e, en caso de non dispor de superficie agraria, onde se encontre o maior número de animais.

Venda: a transmisión definitiva da propiedade da terra ou dos dereitos de pagamento básico. A definición non inclúe a venda de terras cando estas se cedan ás autoridades públicas ou para uso de interese público e cando a cesión se realice con fins non agrícolas.

Arrendamento: a transmisión temporal do aproveitamento de terras ou dos dereitos de pagamento básico.

Cesión: o arrendamento ou a venda ou sucesión *inter vivos* ou *mortis causa* de terras ou dereitos de pagamento básico ou calquera outra cesión definitiva deles; non inclúe a restitución de dereitos ao expirar un arrendamento.

Regulamento (CE) 1307/2013 de pagamentos directos (artigo 4)

Real decreto 1075/2014 de pagamentos directos (artigo 3)

NORMAS XERAIS DA PRIMEIRA ASIGNACIÓN DE DEREITOS DE PAGAMENTO BÁSICO

Asignaranse dereitos de pagamento básico en 2015 aos agricultores activos que teñan dereito a recibir pagamentos directos de conformidade co Real decreto 1075/2014 sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandería, sempre:

- a) Que soliciten a asignación dos dereitos de pagamento en virtude do réxime de pagamento básico como moi tarde na data final de presentación de solicitudes de 2015, salvo en caso de forza maior ou circunstancias excepcionais e
- b) Que tivesen dereito a recibir os pagamentos, antes de toda redución ou exclusión respecto dunha solicitude de axuda de pagamentos directos en 2013 ou
- c) Que se lles asignaran, en 2014, dereitos de pagamento único da reserva nacional ou
- d) Que teñan dereito a recibir dereitos de pagamento básico.



Hai que ter en conta que tamén cumpren o requisito establecido na alínea b) os seguintes supostos:

- Todas as compravendas ou arrendamentos de dereitos de pagamento único con terras.
- As finalizacións de arrendamentos de terras con venda ou doazón dos dereitos ao arrendador comunicadas á autoridade competente desde o 17 de febreiro de 2014 ata o 15 de maio de 2014.
- Toda cesión de dereitos de pagamento único sen terras asociada a unha transferencia completa e definitiva dunha explotación gandeira sempre e cando as hectáreas asociadas á explotación non se puidesen incluír na cesión de dereitos ao non seren estas propiedade do cedente.
- Os cambios de titularidade dunha explotación.

Tamén se poderán obter dereitos de pagamento básico mediante cesións ou, en determinados supostos, da reserva nacional.

Non se asignarán dereitos de pagamento básico nas seguintes situacións:

1. A explotacións en que, tras a realización dos controis, se determinasen menos de 0,2 hectáreas admisibles.
2. Cando se demostre que un beneficiario creou artificialmente as condicións para a asignación de dereitos de pagamento básico e, en caso de facerlle a asignación, esta verase limitada.

Real decreto 1076/2014 sobre asignación de dereitos (art. 10)

SOLICITUDE DE ADMISIÓN AO RÉXIME DE PAGAMENTO BÁSICO

Para poder recibir a asignación de dereitos de pagamento básico, os agricultores deberán solicitar no primeiro ano de aplicación do réxime de pagamento básico a admisión a el. Será mediante a solicitude única do ano 2015.

Real decreto 1076/2014 sobre asignación de dereitos (art. 11)

NÚMERO DE DEREITOS DE PAGAMENTO BÁSICO PARA ASIGNAR

O número de dereitos de pagamento básico asignados será igual ao número de hectáreas admisibles determinadas que declare o/a agricultor/a na súa solicitude de axuda 2015, ou ao número de hectáreas admisibles determinadas que declarara na súa solicitude de axuda de 2013, se esta cifra fose menor.

Non se asignarán dereitos de pagamento básico a aqueles agricultores que declaren na súa solicitude única 2015 superficies de pastos permanentes e non figuren, na data de finalización da presentación da solicitude única 2015, no Rexistro de Explotacións Gandeiras (Rega).

Real decreto 1076/2014 sobre asignación de dereitos (art. 12)

VALOR DOS DEREITOS DE PAGAMENTO BÁSICO

Os importes do ano 2014, antes de reducións e exclusións, que computarán para o cálculo do valor inicial dos dereitos de pagamento básico, serán:

1. Os importes correspondentes ao réxime de pagamento único.
2. O 51,32 % dos importes correspondentes á prima á vaca nutriz e á prima complementaria á vaca nutriz.
3. Os importes correspondentes ao programa nacional para o fomento de rotacións de cultivos en terras de secaño, da calidade do tabaco e da calidade do algodón (non existen casos en Galicia).

Desde o ano 2015 aplicarase unha converxencia ao valor inicial dos dereitos de pagamento básico cara ao valor unitario rexional correspondente en 2019 baseado nos seguintes principios:

- a) Os dereitos de pagamento básico con valor unitario inferior ao 90 % do valor medio rexional en 2019 incrementaranse 1/3 da diferenza entre o seu valor unitario inicial e o 90 % do valor medio rexional en 2019. Para financiar o incremento reducirase o valor dos dereitos de pagamento básico cuxo valor unitario inicial supere o valor medio rexional.
- b) A redución máxima do valor dos dereitos de pagamento básico cuxo valor unitario inicial sexa superior ao valor medio rexional en 2019 será do 30 %.
- c) En 2019 ningún dereito de pagamento básico terá un valor unitario inferior ao 60 % do valor medio rexional, limitado pola redución máxima do 30 %.



O paso do valor unitario inicial dos dereitos de pagamento básico ao seu valor unitario final en 2019 efectuarase en 5 etapas idénticas, comezando en 2015.

En 2015 os agricultores serán informados do valor que terán os seus dereitos cada un dos anos desde 2015 ata 2019. Antes do 1 de abril de 2016 estableceranse e comunicaranse aos agricultores o valor e o número definitivos dos dereitos de pagamento básico.

Real decreto 1076/2014 sobre asignación de dereitos (*art. 13 ao 16*)

CÁLCULO DO VALOR INICIAL DOS DEREITOS DE PAGAMENTO BÁSICO

O valor inicial total dos dereitos de pagamento básico (VIT) para cada agricultor calcularase aplicando unha porcentaxe fixa aos importes que o agricultor percibira en 2014, calculados antes de reducións e exclusións, correspondentes aos réximes indicados na epígrafe anterior (en Galicia: pagamento único e prima por vaca nutriz).

O cálculo do valor unitario inicial (VUI) de cada un dos dereitos de pagamento básico que se asignen a un/unha agricultor/a en 2015, excluindo aqueles asignados a partir da reserva nacional, realizarase do seguinte xeito:

- a) Se o/a agricultor/a declara superficie nunha única rexión: valor inicial total (VIT)/número total de dereitos de pagamento básico que teña asignados nesa rexión.
- b) Se o/a agricultor/a declara superficie en máis dunha rexión, asignarase en cada rexión unha parte proporcional dos pagamentos totais percibidos en 2014 polo/a agricultor/a.

Real decreto 1076/2014 sobre asignación de dereitos (*art. 14*)